

# PARO REXISTRADO 2009.

## Forte aumento do paro rexistrado.

Os efectos da crise económica no mercado de traballo galego acusáronse con especial virulencia durante ano 2009. Aínda que durante 2008, especialmente nos últimos meses do ano, xa se produciron perdas importantes de postos de traballo e polo tanto de medre do desemprego, non foi até o ano 2009 cando estes datos acadaron valores negativos históricos. Practicamente se mantivo o desemprego por riba dos 200.000 parados/as en todos os meses do ano.

Desde xaneiro de 2008, vén medrando o número de paradas e parados rexistrados nas oficinas públicas de emprego. O incremento foi exponencial até xuño de 2009 onde, aínda aumentando os desempregados e desempregadas, o medre interanual comeza a ser inferior que no mes anterior, a pesar do cal remata decembro cun 17,3% de persoas paradas máis que en decembro de 2008.


De media anual o incremento foi de 43.733 persoas, un 26.9% máis que as persoas paradas rexistradas en 2008.

Os datos, así como o gráfico de evolución, son os que se amosan a continuación.

### Evolución do paro rexistrado.

	2005	2006	2007	2008	2009	Evolución 09/08	
						Absoluta	Relativa
Xaneiro	189.444	181.401	163.583	161.162	201.316	40.154	24,9
Febreiro	186.486	178.373	160.904	161.828	206.570	44.742	27,6
Marzo	186.341	176.114	159.886	160.180	211.484	51.304	32,0
Abril	180.583	170.332	155.479	159.749	210.662	50.913	31,9
Maio	172.079	163.161	148.209	156.779	207.518	50.739	32,4
Xuño	162.264	153.746	143.156	152.708	200.240	47.532	31,1
Xullo	157.423	148.068	139.998	149.318	192.859	43.541	29,2
Agosto	157.295	146.388	140.299	152.437	195.241	42.804	28,1
Setembro	157.116	146.834	140.960	156.834	200.465	43.631	27,8
Outubro	164.299	151.534	146.371	168.423	208.923	40.500	24,0
Novembro	172.838	158.690	152.728	180.820	216.828	36.008	19,9
Decembro	178.676	160.666	154.982	189.903	222.839	32.936	17,3
Media anual	172.070	161.276	150.546	162.512	206.245	43.733	26,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



Fonte: Elaboración propia.

A comparación interanual é demoledora. Mes a mes, cada novo dato de parados/as publicado, supuña un incremento sen precedentes con respecto ao mesmo mes do ano anterior. De feito, o mellor dato produciuse no último mes de 2009, e aínda así supuxo un aumento do 17,3% con respecto a decembro de 2008.

No gráfico apréciase claramente como foi evolucionando ao longo do ano este indicador do mercado laboral.

A evolución mensual mantén máis ou menos a tendencia de anos anteriores: certo estancamento nos primeiros meses do ano para logo comezar a descender até os meses do verán onde se acadan os valores máis baixos. A partir de aquí comeza a medrar novamente até o remate do ano. O ano 2009 non foi unha excepción e mantivo esta tendencia, pero é na comparación con anos anteriores, é dicir na evolución interanual, onde se percibe claramente a ruptura.

Xa o ano 2008 rematara cun número de parados/as superior ao de anos anteriores, pero en 2009 a fenda medra desmesuradamente; en apenas un ano acadáronse valores históricos deste indicador.

A pesar deste medre desmesurado, Galiza é unha das comunidades do Estado español onde este indicador presenta un mellor comportamento:

**Parados/as rexistrados/as por comunidades autónomas. Datos en miles. Decembro de 2009.**

	2005	2006	2007	2008	2009	Evolución 08/09
Andalucía	480,9	477,7	510,8	719,3	851,4	18,4
Aragón	41,5	36,5	38,3	67,2	87,6	30,4

Asturias	56,7	52,9	51,2	63,6	75,8	19,2
Baleares	48,9	46,2	50	73,2	91	24,3
Canarias	129,9	122,1	139	202,9	248,7	22,6
Cantabria	24,1	21,6	21,8	33,7	42,2	25,2
Castela A Mancha	95	90,9	94,9	147,8	188,1	27,3
Castela e León	115,6	108,4	109,7	150,5	182	20,9
Catalunya	262,6	260,7	265,7	423,2	561,7	32,7
Valencia	200,7	194,8	215,6	357,8	477,8	33,5
Estremadura	77,7	74,6	76,2	97,5	112,3	15,2
<b>Galiza</b>	<b>178,6</b>	<b>160,6</b>	<b>154,9</b>	<b>189,9</b>	<b>222,8</b>	<b>17,3</b>
Madrid	216	211,5	229,1	345,3	451,9	30,9
Murcia	44,5	43,5	51,6	90,9	122,2	34,4
Navarra	22,2	21	21,5	32,9	40,6	23,4
País Vasco	83,3	76,2	74,5	100,6	128,2	27,4
A Rioxa	10,2	10,1	10,7	16,6	21,7	30,7
	2.088,4	2.009,3	2.115,5	3.112,9	3.906	25,5

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Só Estremadura remata 2009 cun incremento do paro rexistrado inferior a Galiza. É, polo tanto, a segunda comunidade con mellor resultado no ano que acaba de rematar. No ano 2008 fora a comunidade con mellor resultado.

Este resultado, a priori positivo, pode ocultar unha faceta ben coñecida da economía galega: as crises tardan en chegar, son máis lentas ao principio, pero custa moito máis saír delas. De media no Estado español aumentou o desemprego un 25,% en decembro de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior fronte a un 47,1% que medrara no ano anterior, o que vén supor un incremento 21,6 puntos inferior.

En Galiza, tamén medrou menos o desemprego, 17,3 fronte a 22,6% no ano anterior, pero apenas 5,3 puntos menos. Así, minorouse a caída pero a recuperación é moito máis lenta.


De feito, a evolución mensual amosa este feito máis claramente. Durante 2008 e até o último trimestre de 2009, a variación mensual é favorábel a Galiza, a partir de aquí xa non. Estes son os datos.

Variación mensual do desemprego en Galiza e na media estatal.

	Estado español		Galiza	
	2008	2009	2008	2009
Xaneiro	6,22	6,35	4,0	6,0
Febreiro	2,36	4,63	0,4	2,6

Marzo	-0,62	3,55	-1,0	2,4
Abril	1,63	1,09	-0,3	-0,4
Maio	0,64	-0,68	-1,9	-1,5
Xuño	1,57	-1,53	-2,6	-3,5
Xullo	1,53	-0,58	-2,2	-3,7
Agosto	4,25	2,4	2,1	1,2
Setembro	3,77	2,21	2,9	2,7
Outubro	7,34	2,67	7,4	4,2
Novembro	6,08	1,59	7,4	3,8
Decembro	4,67	1,41	5,0	2,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



Especialmente no gráfico (onde se comparan as variacións durante 2009) dá en reflectirse unha tendencia semellante: cando na media do Estado medra, en Galiza medra, cando en Galiza descende na media estatal tamén descende, pero até o mes de setembro os descenso eran maiores en Galiza e os aumentos menores; a partir de setembro medra moito máis o desemprego en Galiza.

Temos que esperar a que transcorra o 2010, para ver se isto é unha tendencia ou simplemente unha anécdota.

Á marxe de clasificacións, o certo é que rematou 2009 con preto de 4 millóns de persoas paradas no Estado, preto do dobre que hai dous anos, das cales 222.800 estas rexistradas en Galiza, o 5,7%.

## Análise por sectores.


A 31 de decembro de 2009, a distribución sectorial das persoas desempregadas en Galiza era como segue:

### Distribución dos parados/as rexistrados/as.

	Valores absolutos		relativa		Variación
	2008	2009	2009	2008	08/09
Agricultura	5.806	6.343	2,8	3,0	9,25
Industria	30.255	35.040	15,7	15,8	15,82
Construcción	27.138	36.190	16,2	14,1	33,36
Servizos	103.069	121.704	54,6	53,7	18,08
Sen emprego anterior	23.635	23.562	10,6	12,3	-0,31
	191.911	222.839	100,0	100,0	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Gráfico 2.



Consecuente co peso que o dito sector ten na economía galega, a meirande parte das persoas desempregadas na busca de emprego en Galiza, están inscritas nalgunha actividade relacionada co sector servizos, en concreto o 54,6/% (no ano 2008 era o 53,7). Industria e construción están moi parellas, aínda que despois da desfeita da construción, no ano 2009 supera ao sector industrial en paro rexistrado.

Ao longo do ano os distintos sectores foron evolucionando como segue.


## Industria.

Comezamos polo sector industrial, un dos máis afectados pola crise económica en Galiza.

Evolución mensual dos/as parados/as rexistrados/as na industria.

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Variación 08/09	
							Absoluta	Relativa
Xaneiro	30.775	29.798	28.318	25.414	24.880	32.818	7.938	31,9
Febreiro	30.105	29.134	27.657	24.108	24.684	34.039	9.355	37,9
Marzo	29.675	29.962	27.417	24.961	24.862	34.867	10.005	40,2
Abril	29.842	28.824	27.146	24.862	24.783	34.919	10.136	40,9
Maio	28.763	28.005	25.857	23.625	24.147	34.028	9.881	40,9
Xuño	27.539	26.162	24.552	22.664	23.784	32.842	9.058	38,1
Xullo	26.359	25.525	23.705	22.208	23.790	31.386	7.596	31,9
Agosto	26.468	25.443	23.341	22.275	24.230	31.565	7.335	30,3
Setembro	26.509	25.439	23.463	22.107	24.841	31.268	6.427	25,9
Outubro	26.950	26.395	23.977	22.914	26.078	32.018	5.940	22,8
Novembro	27.596	27.370	24.631	23.496	27.901	32.992	5.091	18,2
Decembro	30.238	29.162	25.778	24.488	30.255	35.040	4.785	15,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

A mediados de 2008 comezara un incremento exponencial do paro neste sector, que continuou até o mes de maio de 2009, a partir do cal o paro segue medrando en termos interanuais, pero xa a un ritmo menor que nos meses anteriores.

No gráfico apréciase claramente como en apenas un ano se volveron acadar cifras, que había un lustro que non atopábase nas estatísticas laborais.

Comparativa da evolución mensual, no último ano, entre o Estado español e Galiza.

	Galiza	Estado español
Xaneiro	8,5	10,7
Febreiro	3,7	5,8
Marzo	2,4	4,3
Abril	0,1	1,8
Maio	-2,6	-0,5
Xuño	-3,5	-2,1
Xullo	-4,4	-1,4
Agosto	0,6	2,4
Setembro	-0,9	-0,1
Outubro	2,4	1,2
Novembro	3,0	0,7
Decembro	6,2	2,3



Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos do SEPE.

Até o mes de abril medra o desemprego neste sector tanto en Galiza como no Estado español, pero máis na media estatal. De abril a agosto descende pero máis en Galiza que na media do Estado, e no último trimestre do ano medra moito máis aquí que no resto do Estado; ademais, a fenda medra a medida que pasan os meses.

Convén estarmos moi pendentes da evolución deste sector.

## Construción.


Durante o ano 2009 acadáronse unhas cifras históricas no número de demandantes de emprego rexistrados no sector da construción. A cifra máis alta acadouse no mes de decembro con 36.190 parados/as neste sector.

Evolución das persoas paradas na construción.

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	Variación 09/08	
							absoluta	relativa
Xaneiro	21.999	22.286	19.794	16.899	17.608	30.885	13.277	75,4
Febreiro	21.121	21.379	19.026	16.326	17.694	32.315	14.621	82,6
Marzo	20.075	21.099	17.427	15.829	17.936	32.701	14.765	82,3
Abril	19.911	20.153	17.684	15.391	18.226	32.373	14.147	77,6
Maio	19.091	17.479	16.581	14.673	18.240	31.584	13.344	73,2
Xuño	18.690	17.562	15.773	14.069	18.153	30.639	12.486	68,8
Xullo	17.769	16.933	15.241	14.039	18.246	29.705	11.459	62,8

Agosto	17.861	16.747	14.920	14.437	19.009	30.001	10.992	57,8
Setembro	17.823	15.604	14.652	14.183	19.578	30.534	10.956	56,0
Outubro	18.343	17.378	14.917	14.569	21.319	31.792	10.473	49,1
Novembro	19.278	18.098	15.691	15.262	23.685	33.250	9.565	40,4
Decembro	21.738	20.033	17.123	16.925	27.138	36.190	9.052	33,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Agás un breve respiro nos meses estivais, que se corresponderon máis coa posta en marcha do chamada Plan E que coa evolución “normal” deste sector, a situación laboral dos e das traballadoras da construción é moi preocupante. Así, houbo meses onde o incremento interanual de parados/as superou o 80%.


En xaneiro do ano 1997, ano de comezo do “boom” da construción, os oficinas de emprego tiñan rexistrado en torno aos 29.000 parados/as neste sector; comezou aquí unha forte expansión da construción, especialmente obra civil, que chegou a reducir a metade estas cifras de desemprego. O mellor ano en Galiza foi 2007, onde a combinación de obra pública con obra civil, situou o nivel de desemprego medio neste sector en torno aos 15.000 parados/as, pero xa a finais do mesmo se detectaron signos preocupantes. Por unha banda, a caída de desemprego interanual comeza a minguar e, pola outra, a nivel estatal xa se está destruindo emprego.

No ano 2008, comezou a destrución de emprego, e en apenas dous anos estamos en peores parámetros que hai 12 anos, antes do ciclo expansivo.

Continuando coa comparanza mensual con respecto á media estatal, no caso da construción foi como se amosa a continuación.

## Evolución mensual das persoas paradas na construción.

	Galiza	Estado español
Xaneiro	13,8	14,8
Febreiro	4,6	4,2
Marzo	1,2	2,4
Abril	-1,0	0,7
Maio	-2,4	-2,2
Xuño	-3,0	-2,3
Xullo	-3,0	-1,0
Agosto	1,0	3,0
Setembro	1,8	-0,2
Outubro	4,1	1,2
Novembro	4,6	1,4
Decembro	8,8	7,6



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.


A tendencia entre o que se produciu en Galiza e no Estado foi semellante. Neste caso, as diferenzas con respecto á media estatal non son tan acusadas como no caso do sector industrial. A primeiros de ano a traxectoria foi semellante; até agosto o paro neste sector comportouse lixeiramente mellor en Galiza, e desde agosto e até decembro medrou moito máis aquí. Xa no último mes, aínda que o incremento en Galiza é maior, acúrtase a fenda con respecto á media estatal

## Servizos.

Evolución das persoas paradas nos servizos.

	2004	2005	2006	2007	2008	2.009	Variación 09/08	
							Absoluta	Relativa
Xaneiro	104.071	105.951	102.481	92.389	90.433	115.571	25.138	27,8
Febreiro	102.901	104.647	100.830	90.788	90.768	117.800	27.032	29,8
Marzo	100.266	103.641	99.548	90.305	89.276	120.192	30.916	34,6
Abril	98.568	99.926	95.608	87.047	88.645	118.980	30.335	34,2
Maio	94.491	93.874	91.393	82.815	86.517	116.737	30.220	34,9
Xuño	91.184	87.824	85.715	79.327	83.688	111.975	28.287	33,8
Xullo	86.198	85.701	82.899	77.854	81.771	107.068	25.297	30,9
Agosto	86.921	86.298	82.383	77.951	83.865	108.530	24.665	29,4
Setembro	88.744	86.165	82.745	78.747	86.741	112.041	25.300	29,2
Outubro	94.144	93.042	85.691	82.167	93.881	117.006	23.125	24,6
Novembro	99.784	97.592	89.685	85.798	100.230	120.913	20.683	20,6
Decembro	100.434	98.859	89.211	85.494	103.069	121.704	18.635	18,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



En termos absolutos é o sector con máis persoas á procura de emprego: 121.635 a finais de 2009, un 18,1% máis que en decembro de 2008.


No que atinxe á evolución, esta continúa sendo preocupante, a pesar de que se minora o incremento das persoas paradas no terceiro trimestre do ano, remata 2009 cun 18% máis de parados/as que no mesmo mes do ano anterior, é dicir, que se trata do sector onde máis medra o desemprego despois da construción.

A nivel sectorial, durante 2009, temos unha traxectoria moi similar: fortes incrementos interanuais en todos os meses e en todos os sectores, cunha minoración do aumento interanual nos últimos tres/catro meses. Continúa sendo a construción o sector máis castigado pola crise.

Ao igual que fixemos cos outros sectores, imos comparar, a seguir, a evolución mensual do sector dos servizos coa se produciu a nivel de Estado.

#### Evolución mensual das persoas paradas en servizos en Galiza e na media

	Galiza	Estado español
Xaneiro	12,1	9,0
Febreiro	1,9	4,2
Marzo	2,0	2,9
Abril	-1,0	0,6
Maio	-1,9	-0,6
Xuño	-4,1	-1,5
Xullo	-4,4	-0,7
Agosto	1,4	2,4
Setembro	3,2	3,1
Outubro	4,4	2,9
Novembro	3,3	1,7
Decembro	0,7	0,0



Na comparación da evolución mensual, o sector dos servizos segue unha traxectoria semellante ao da construción. no último trimestre aumentan moito máis as persoas paradas rexistradas en Galiza neste sector, pero no último mes isto tende a igualarse.

Ao compararmos mensualmente sector a sector coa media do Estado, vemos que o que está, comparativamente, en peor situación é o industrial. De feito, no último mes é o que marca a diferenza con respecto á media do Estado, xa que mentres nos outros dous a tendencia se aproxima, no caso da industria a fenda medra fortemente, e leva a que a media galega tamén medre.

Isto confirma, tristemente, o que desde a CIG viñamos afirmando, que a crise en Galiza está afectando en maior medida ao sector industrial, tal e como a demostran, así mesmo, as taxas de evolución do PIB.


## Parados/as segundo nivel de estudos.

Dada a escasa relación existente entre nivel de estudos e posto de traballo, nomeadamente entre as xeracións máis novas, os datos que amosamos a continuación non nos permiten tirar conclusións tipo, xa que, por exemplo, unha parte importante das persoas con estudos non estaba traballando en postos relacionados con estes, polo que non é, ou si, un posto “cualificado” o que se perdeu, senón outro.

Parados/as segundo nivel de estudos,

<b>Nivel de estudos.</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>Var 09/08</b>
Ata certificado de escolaridade	59.060	59.016	70.605	84.009	19,0
Ensino obrigatorio	49.392	47.994	61.174	69.372	13,4
Formación profesional	20.985	19.526	25.163	30.508	21,2
BUP/COU	15.315	14.432	17.102	19.087	11,6
Titulados universitarios	15.810	13.921	15.745	19.735	25,3
Outras titulacións.	103	93	114	128	12,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



Coa salvidade anterior, vemos como o paro afectou a todos os colectivos, aínda que en termos relativos son as persoas da formación profesional e tituladas universitarias as máis prexudicadas, malia non ser así en termos absolutos, dado que neste caso son as de menor formación regrada as máis afectadas polo descenso dos postos de traballo.

Sobre o total de parados/as, o 37,7% non dispón de formación ningunha, se a isto lle engadimos os/as que só teñen ensino obrigatorio, topamos co 69% dos parados/as en Galiza sen formación específica.


## Parados/as segundo idade.

O descenso do emprego está sendo de tal magnitude que afecta a todos os grupos independentemente do sexo, idade, profesión... No caso concreto da idade, os datos seguintes reflicten unha maior incidencia no colectivo de idade intermedia.

Parados/as segundo idade. Decembro de cada ano.

	2006	2007	2008	2009	Variación 09/08
Menor de 30 anos	30.565	35.348	44.527	52.895	18,8
De 30 a 44 anos	57.857	55.646	71.726	86.685	20,9
Maio r de 44 anos	63.244	63.988	73.650	83.259	13,0
Total	151.666	154.982	189.903	222.839	17,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.




Son os traballadores e traballadoras entre 30 e 44 anos, tanto en termos absolutos como relativos, os máis afectados pola perda de emprego nestes dous últimos anos. De feito, a finais de 2009, superan, en valores absolutos, aos maiores de 44 anos que sempre foi o colectivo maior.

Por outra parte, é unha tendencia “lóxica” na medida que este colectivo, de entre 30 a 44 anos, foi o que se incorporou maioritariamente o mercado de traballo neste período alcista da economía. Porén, non se debe esquecer que o paro medrou moito en todas as idades.

## Parados/as segundo sexo.

Parados/as segundo sexo. Decembro de cada ano.

	2006	2007	2008	2009	Variación 09/08
Homes	60.245	59.090	83.966	103.487	23,2
Mulleres	100.421	95.892	105.937	119.352	12,7
Total	160.666	154.982	189.903	222.839	17,3



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Ao igual do que acontecera durante o ano 2008, o aumento do paro en 2009 afectou máis aos homes que ás mulleres. En concreto, entre os homes medrou o desemprego un 23,2%, fronte a un 12,7% entre as mulleres.

Se analizamos desde o ano anterior da chegada da crise, 2007, entre os homes o aumento é do 75% e do 25% entre as mulleres.

O feito de que a crise económica afectase, en principio, a sectores máis masculinizados, construción e industria, explican esta tendencia, pero xa nos últimos meses do ano, onde o sector servizos xa se viu máis afectado, o desemprego feminino tamén aumentou de maneira importante.


## Análise provincial.

Coa excepción da provincia de Ourense, no resto a evolución do paro rexistrado foi moi semellante no ano 2009.

Parados/as segundo provincia. Decembro de cada ano.

	2006	2007	2008	2009	Variación 09/08
A Coruña	65.681	62.474	75.767	89.594	18,2
Lugo	16.162	15.659	17.861	21.168	18,5
Ourense	19.879	19.623	22.441	24.868	10,8
Pontevedra	58.944	57.226	73.834	87.209	18,1
	160.666	154.982	189.903	222.839	17,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



O maior desenvolvemento económico e o ter unha poboación máis numerosa das provincias de Pontevedra e A Coruña, fan que soporten o maior número de persoas a procura de emprego. No ano 2009, estas dúas provincias, xuntamente coa Lugo, incrementouse o número de persoas paradas na mesma proporción. En troca, se no cálculo incluímos os dous últimos anos, na provincia de Pontevedra medrou o desemprego un 53% e na de Coruña un 43%.

Vigo, 15 de xaneiro de 2010.  
 Gabinete técnico confederal.  
 Natividad López Gromaz